





Life Fluvial

O obxectivo xeral é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica. Neste ámbito, factores de ameaza como especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios, causan o deterioro e a fragmentación dos hábitats dos corredores fluviais.



As lagoas son ecosistemas complexos nos que se integran unha gran diversidade de medios, entre os que se inclúen ademais da propia lagoa, un conxunto de hábitats circundantes caracterizados pola existencia da inundación temporal ou permanente do sistema no que se integran. Así, atopamos asociados ao propio vaso lacunar, herbais, matogueiras e bosques húmedos, que poden integrar no seu seo pequenas charcas temporais. Á hora de valorar o estado de conservación dunha lagoa, ademais da calidade da auga da mesma, debe observarse tamén o conxunto de medios, de modo que un estado de conservación favorábel da lagoa, implica que todos os medios presenten un estado de conservación favorábel.



O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica.

LIFE Fluvial is a project co-financed by the European Commission within the framework of the LIFE call and runs between 2017-2021

